

anpasoutodonas@gmail.com

Teléfono: 636 950 350

¡Dámosvos a benvinda a un novo curso escolar!

Queremos compartir convosco esta nova andaina e contarvos como vai ser este curso 2019/20.

Para adquirir a condición de socio do Anpa requírese ser pai, nai ou titor dos alumnos que cursen os seus estudos no C.E.I.P Souto-Donas, aceptar os seus estatutos e abonar as súas cotas. Esta condición perderáse por algunha das seguintes causas: libre vontade do asociado, falta de pagamento das cuotas, incumprimento dos Estatutos ou baixa dos fillos no Centro.

Son dereitos dos socios:

- Participar nas actividades organizadas polo Anpa.
- Exercer o voto.
- Asistir as Asambleas ordinarias, que se celebran dúas veces ao ano, ou Extraordinarias se as houberse.
- Coñecer o estado de contas e acceder á documentación da asociación a través da súa Xunta Directiva.

Son deberes dos socios:

- Compartir as finalidades do Anpa e colaborar na consecución das mesmas.
- Pagar a cuota.
- Acatar e cumprir os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Tradicionalmente, as comunicacións do Anpa transmitíanse aos socios mediante notas a través dos alumnos. Desde o curso pasado o Anpa

comprobou a fiabilidade da lista de difusión para evitar a desinformación dos pais.

A lista de difusión do Anpa resulta útil para comunicar algo a moitas persoas á vez. Para iso solicitamos un número de teléfono con whastapp e, á súa vez, os integrantes da lista deberán memorizar o número 675.94.89.01 nos seus contactos.

Cando se envíe unha mensaxe a esta lista, recibirédolo todos os contactos por igual pero coma se fose individual. As respostas, se son necesarias, apareceránnos como unha mensaxe individual e non se enviarán aos outros destinatarios da lista. SÓ os socios do Anpa poden pertencer á lista de difusión e SÓ os socios que teñan o número de teléfono gardado na súa lista de contactos recibirán as mensaxes de difusión.

As actividades extraescolares son organizadas polo Anpa para os socios e xestionadas, este curso, por cada profesor contratado para iso. Comezan en outubro polo q é necesario saber quen é os interesados antes de finais de Setembro. A primeira clase pode ser de proba.

Non se admite a presenza dos pais durante o desenvolvemento das devanditas actividades extraescolares para evitar distraccións e vergoña nos alumnos. Para algún caso especial poñédevos en contacto. O pago das actividades extraescolares xestiónaas cada profesor e realizaránse entre o 1 e o 5 de cada mes e para comunicar a baixa antes do 25 do mes en curso.

Agradeceríase avisar e non simplemente non asistir. Esta norma ten lugar por experiencia en cursos anteriores e o seu incumprimento impedirá a práctica futura doutras actividades extraescolares. Causar baixa significa a otorgación da praza a outro alumno polo que é posible q, se se quere retornar a actividade despois de por exemplo vacacións de Nadal, non se teña praza. Estas actividades teñen un número mínimo de alumnos e non saber se queredes manter ao alumno na devandita actividade, provoca que algún outro interesado non acceda ou mesmo que se elimine por falta de asistencia.

Agradecemos a vosa colaboración e quedamos á vosa disposición.